

XEOGRAFÍA

Directrices xerais

No documento que se presenta a continuación quedan reflectidas as directrices e orientacións asumidas polo Grupo de Traballo de Xeografía para o **CURSO ACADÉMICO 2018-2019**

A estrutura da proba ABAU será a mesma que no curso pasado, pero **modifícanse substancialmente os contidos**, sempre dentro do marco do currículo da materia, polo que recoméndase una detida lectura dos mesmos por parte dos docentes de Xeografía.

1. Marco legislativo

Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa modificou en distintos aspectos a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orden ECD/1941/2016, de 22 de decembro, pola que se determinan as características, o deseño e o contido da avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade.

2. Desenvolvemento do currículo

De acordo co Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

2.1. Desenvolvemento dos bloques de contidos para o exame

Cada bloque contén un **esquema**, deste extráense ou ben uns **temas** para converterse na **pregunta teórica**, ou ben uns exercicios **prácticos** que serán os modelos a seguir no exame, ademais dun **vocabulario** propio do bloque, conceptos dos que sairá a primeira cuestión do citado exame.

Mantense a estrutura da proba ABAU de Xeografía para o curso 2018-2019. Deste xeito, dáse o mesmo peso aos contidos prácticos que aos coñecementos teóricos, coa intención de valorar nos alumnos unha maior capacidade de análise e síntese para unha mellor comprensión das relacións da sociedade co territorio. Por tanto, as

puntuacións das tres partes das que constará o exame serán as seguintes: 2 puntos vocabulario, 5 puntos a pregunta práctica e 3 puntos o tema.

Ao mesmo tempo, prodúcese unha **reorganización dos contidos, cunha notable redución dos mesmos**, sempre respectando o currículo, que favoreza unha maior e mellor adquisición de competencias prácticas aplicadas sobre o medio.

BLOQUE 1 - A XEOGRAFÍA E O ESTUDO DO ESPAZO XEOGRÁFICO

Esquema

- 1.1 Concepto de xeografía. Métodos e ferramentas propias da disciplina.
- 1.2 Características do espazo xeográfico. Concepto de paisaxe.
- 1.3 Representación gráfica do espazo xeográfico a distintas escalas.

Os contidos deste bloque terán aplicación práctica no resto dos bloques.

BLOQUE 2 – O RELEVO ESPAÑOL: A SÚA DIVERSIDADE XEOMORFOLÓXICA

Esquema

- 2.1 Formación e evolución xeolóxica.
- 2.2 Variedade litolóxica e formas do relevo diferencial.
- 2.3 Unidades morfoestruturais.
- 2.4 O solo: elementos constitutivos e localización

Tema (pregunta teórica)

- Formación e evolución xeomorfolóxica da Península Ibérica e das Illas Canarias e Baleares (da era arcaica ao glaciario cuaternario).

Prácticos

- Comentario guiado dun fragmento de mapa topográfico: identificación das coordenadas xeográficas, máximas e mínimas altitudes, zonas de maiores e menores pendentes, principais cursos fluviais e orientación dos mesmos.
- Mapa litolóxico de España.
- Debuxos, imaxes e gráficos con tipos de modelado: granítico e cárstico.

Vocabulario

Aluvión / Foz/ Meseta/ Tectónica de placas/ Ría/ Tómbolo/ Zócolo/ Macizos Antigos/ Cordilleiras de pregamento/ Cuncas sedimentarias (10)

BLOQUE 3 – A DIVERSIDADE CLIMÁTICA E A VEXETACIÓN

Esquema

- 3.1 Factores xeográficos e termodinámicos do clima.
- 3.2 Tipos de tempo.
- 3.3 Dominios climáticos: atlántico, mediterráneo, de interior, de montaña, subtropical.

3.4 Factores da diversidade bioxeográfica.

3.5 Paisaxes vexetais: atlántico, mediterráneo, canario e de montaña.

Tema (pregunta teórica)

- Factores xeográficos e termodinámicos que inflúen no clima de España.
 - Factores xeográficos: latitude, situación, influencia do mar, relevo.
 - Factores termodinámicos: en altura (Jet Stream) e en superficie (centros de acción, masas de aire, fronte).

Prácticos

- Mapas de temperaturas e precipitacións medias.
- Mapas do tempo en superficie: Advección do Oeste e Anticiclón de Verán
- Análise dun climograma arquetípico dos grandes dominios climáticos españois: oceánico, mediterráneo e subtropical.
- Análise de cliserias: Pireneos e Teide.

Vocabulario

Aridez / Barlovento/ Inversión térmica/ Isóbara/ Isohieta/ Avesedo (umbría)/ Laurisilva/ Maquis/ Vexetación clímax/ Vexetación antrópica/ Landa (11)

BLOQUE 4 – A HIDROGRAFÍA

Esquema

- 4.1. Cuncas hidrográficas e tipos de réxime fluvial.
- 4.2. Lagos, lagoas, zonas húmidas costeiras.
- 4.3. Problemática dos recursos hídricos: transvases, desalinización, recuperación de acuíferos, saneamento dos ríos.

Práctico

- Comentario de hidrogramas (pluvio-nival, pluvial oceánico e pluvial mediterráneo).

Vocabulario

Cunca fluvial/ Estiaxe/ Marisma (3).

BLOQUE 5 – AS PAISAXES NATURAIS E AS RELACIÓNS ENTRE NATUREZA E SOCIEDADE

Esquema

- 5.1 A paisaxe: recurso común, interpretación e transformacións recentes.
- 5.2 O patrimonio natural español e categorías de protección.
- 5.3 Repercusións ambientais da acción humana: Contaminación, quecemento global, pegada ecolóxica.
- 5.4 Respostas e solucións cara a sustentabilidade.

Tema (pregunta teórica)

- Repercusións ambientais da acción humana:
 - Contaminación.
 - Quecemento global.
 - Pegada ecolóxica.

Práctico

- Comentario dunha imaxe de paisaxe natural: atlántica, mediterránea ou de montaña.

Vocabulario

Efecto invernadoiro/ Paisaxe (2)

BLOQUE 6 – A POBOACIÓN ESPAÑOLA

Esquema

- 6.1 Dinámica da poboación.
- 6.2 Os movementos naturais da poboación.
- 6.3 Mobilidade espacial da poboación e debate sobre a inmigración.
- 6.4 A estrutura demográfica: idade, sexo e actividade económica.
- 6.5 Distribución espacial.

Tema (pregunta teórica)

- Dinámicas demográficas actuais:
 - Desequilibrios territoriais no movemento natural da poboación.
 - Movementos migratorios (1990 á actualidade)

Prácticos

- Analizar taxas demográficas de Galicia (movemento natural).
- Comentar e comparar pirámides de poboación (década de 1960 e actual).
- Gráfica da transición demográfica en España.

Vocabulario

Poboación activa/ Esperanza de vida/ Réxime demográfico/ Censo de poboación/ Crecemento vexetativo/ Taxa de fecundidade/ Padrón municipal. (7)

BLOQUE 7 – O ESPAZO RURAL E AS ACTIVIDADES DO SECTOR PRIMARIO

Esquema

- 7.1 Os usos do solo e a súa distribución: tipos e factores explicativos.
- 7.2 A estrutura agraria e as súas transformacións recentes (U.E.)
- 7.3 O desenvolvemento da gandería española e as súas transformacións.
- 7.4 A explotación dos bosques.
- 7.5 As paisaxes agrarias: atlántica, mediterránea, de interior, canaria e de montaña.
- 7.6 A pesca e os espazos pesqueiros.

Tema (pregunta teórica)

- Transformacións recentes na estrutura agropecuaria española:
 - As explotacións agrarias.
 - Técnicas e sistemas agrarios.
 - Política Agrícola Común.

Prácticos

- Comentario e localización dunha paisaxe agraria española: atlántica, mediterránea e de interior.
- Mapa de espazos pesqueiros (rexións e caladoiros).

Vocabulario

Acuicultura/ Agricultura ecolóxica/ Denominación de orixe/ Desagrarización/ Explotación intensiva/ Política Pesqueira Comunitaria (PPC)/ Silvicultura. (7)

BLOQUE 8 – AS FONTES DE ENERXÍA E O ESPAZO INDUSTRIAL

Esquema

- 8.1 Proceso e factores da industrialización española.

- 8.2 O tecido industrial español e os seus contrastes.
- 8.3 Gran variedade de paisaxes industriais.
 - 8.3.1 Áreas de antiga industrialización.
 - 8.3.2 Áreas urbanas e rurais.
 - 8.3.3 Paisaxes da innovación.
- 8.4 Situación actual da industria: desafíos e globalización.
- 8.5 A enerxía: a diversidade de fontes de enerxía.

Tema (pregunta teórica)

- Situación actual da industria en España.
 - Os problemas estruturais (dimensión, I+D+i, tecnoloxía)
 - Tendencias recentes da industria en España: globalización e deslocalización.

Prácticos

- Comentario dunha paisaxe industrial.
- Mapa das principais áreas industriais de España.

Vocabulario

Enerxías renovables/ Fondos estruturais/ Subcontratación/ Industrias verdes/ Materias primas estratéxicas / Parque tecnolóxico. (6)

BLOQUE 9 – O SECTOR SERVICIOS

Esquema

- 9.1 Terciarización da economía e sociedade do benestar.
- 9.2 Distribución comercial e espazos do consumo.
- 9.3 Os servizos financeiros e a balanza de pagamentos.
- 9.4 Transporte e comunicacións.
- 9.5 Os espazos turísticos.
 - 9.5.1 Paisaxes turísticas.
 - 9.5.2 Impactos ambientais.

Prácticos

- Comentario de paisaxes turísticas.
- Mapas da distribución de redes e infraestruturas do transporte (autoestradas e autovías).
- Mapas ou gráficos sobre a distribución e tendencias do turismo.

Vocabulario

Balanza comercial/ Economía somerxida/ Ecoturismo/ Franquía/ Taxas aeroportuarias/
(5)

BLOQUE 10 – O ESPAZO URBANO

Esquema

- 10.1 O proceso de urbanización en España.
 - 10.1.1 Concepto de cidade.
 - 10.1.2 Axentes sociais urbanos.
 - 10.1.3 Urbanismo e ordenación do territorio.
 - 10.1.4 Morfoloxía urbana (tipos de planos).
 - 10.1.5 Funcións urbanas.
- 10.2 Fenómeno urbano en España.
 - 10.2.1 A cidade preindustrial.
 - 10.2.2 A cidade industrial.
 - 10.2.3 A cidade postindustrial.
 - 10.2.4 Xerarquías e redes urbanas en España.
- 10.3 Transformacións recentes na estrutura das cidades.
 - 10.3.1 Cidade difusa.
 - 10.3.2 Os cambios no centro urbano (degradación /vs/ rehabilitación).
 - 10.3.3 Cambios de uso no solo urbano.
- 10.4 Impacto ambiental da urbanización.

Tema (pregunta teórica)

- Transformacións recentes na estrutura das cidades.
 - Cidade difusa.
 - Os cambios no centro urbano (degradación /vs/ rehabilitación).
 - Cambios de uso no solo urbano.

Prácticos

- Comentario dun plano urbano: Barcelona ou Madrid.
- Comentario dunha paisaxe urbana a partir dunha fonte gráfica.

Vocabulario

Área suburbana/ Área metropolitana/ Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU)/
Xentrificación. (4)

BLOQUE 11 – FORMAS DE ORGANIZACIÓN TERRITORIAL

Esquema

11.1 Evolución histórica.

11.2 A organización territorial do Estado español.

11.2.1 Comunidades autónomas.

11.2.2. Poder local: a administración provincial e municipal.

11.3 Desequilibrios territoriais.

11.4 Políticas rexionais.

Prácticos

- Mapa de provincias.
- Mapa de Comunidades e Cidades Autónomas e as súas capitais.

Vocabulario

Parroquia/ Municipio/ Provincia/ Comunidade Autónoma/ Estatuto de autonomía (5).

BLOQUE 12 – ESPAÑA EN EUROPA E NO MUNDO

Esquema

12.1 España no contexto da UE

12.2 Globalización económica.

12.3 España no escenario xeopolítico mundial.

12.4 España no escenario socioeconómico mundial.

Tema (pregunta teórica)

- España no escenario xeopolítico:
 - España na UE.
 - España no mundo.

Vocabulario

Movements antiglobalización/ Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (2).

BIBLIOGRAFÍA

BIELZA DE ORY, V. (dir.) (1989): Territorio y Sociedad en España. Madrid, Taurus (2 vols.).

BOSQUE CANDEL, R. (2005): Síntesis de Geografía de España. Madrid, Globo.

COLECCIÓN "GEOGRAFÍA DE ESPAÑA". Madrid, Síntesis, 1988 -1990 (18 tomos).

FERNÁNDEZ CUESTA, G. (1999) Atlas industrial de España: desequilibrios territoriales y localización de la industria. Oviedo, Editorial Nobel

FRANCO ALIAGA, T. (2010): Geografía de España (Física Humana y Económica). Madrid, Proyectos Córdon.

FRANCO ALIAGA, T. (2004): Atlas Temático de España. Madrid, Proyectos Córdon

FRANCO ALIAGA, T. y LÓPEZ-DAVALILLO LARREA, J. (2006): Guía Práctica de Geografía de España.

GIL OLCINA, A. e GÓMEZ MENDOZA, J. (cord.) (2000): Geografía de España. Barcelona, Ariel.

GÓMEZ BENITO, C. e GONZÁLEZ, J.J. (2002): Agricultura y sociedad en el cambio de siglo. Barcelona, McGraw Hill.

GONZÁLEZ, J. J. y REQUENA, M.(eds) (2006): Tres décadas de cambio social en España. Madrid, Alianza Editorial.

GRAN ATLAS DE ESPAÑA (1989). Barcelona, Planeta (7 tomos).

GRUPO ADUAR (2000): Diccionario de Geografía Urbana. Barcelona, Ariel.

INSTITUTO GEOGRÁFICO NACIONAL (2002): Imagen y paisaje. Atlas Nacional de España. Centro Nacional de Información Geográfica, Ministerio de Fomento.

M.A.PA. (2004): Atlas de la España Rural.

MARTÍN VIDE, J. (1984): Interpretación de los mapas del tiempo. Ketres, Barcelona.

MARTÍN VIDE, J. (2005): Los mapas del tiempo. Davinci, Mataró.

MATA OLMO, R. e SANZ HERRÁIZ, C. (crds.) (2003): Atlas de los paisajes de España. Madrid, Ministerio de Fomento.

MÉNDEZ, R. e MOLINERO, F. (1993): Geografía de España. Barcelona, Ariel.

PAZO LABRADOR, A.J. (2007): Nocións básicas de Xeografía Xeral Física para Mestres. As consecuencias xeográficas dos procesos naturais. Vigo, Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.

SERRANO MARTÍNEZ, J.M. (2003): España en el nuevo milenio: realidad territorial y retos pendientes. Murcia, Universidad de Murcia.

SOTELO NAVALPOTRO, J.A. e GARCÍA ALVARADO, J.M. (1999): La España de las Autonomías. Madrid, Síntesis.

TERÁN, M. de e outros (1994): Geografía General de España. Barcelona, Ariel.

VILÁ VALENTÍ, J. (1983): La Península Ibérica. Barcelona, Ariel.

ZÁRATE MARTÍN, M. A. y RUBIO BENITO, M^a T. (2009): Geografía Humana. Sociedad, Economía y Territorio. Editorial Universitaria Ramón Areces, Madrid.

ZÁRATE MARTÍN, M. A. y RUBIO BENITO, M^a T. (2006): Glosario prácticas de Geografía Humana. Centro de estudios Ramón Areces, Madrid.

Sobre Galicia:

ALDREY VÁZQUEZ, J.A. e LOIS GONZÁLEZ, R.C. (2010). Breve xeografía de Galicia. Ed. A Nosa Terra.

ATLAS DE GALICIA (1982). Sada, Sálvora, dous tomos.

ATLAS DE GALICIA (1994). Vigo, Nigra.

DICCIONARIO GALEGO DE XEOGRAFÍA (1993). Santiago, Xunta de Galicia.

PÉREZ ALBERTI, A. (1986): A Xeografía. Vigo, Galaxia.

PIÑEIRA MANTIÑÁN, M^a J. y SANTOS SOLLA, X. M. (Coords.) (2011): Xeografía de Galicia. Ed. Xerais, Vigo.

PRECEDO, A. Y SANCHO, J. (2001): Atlas de Galicia. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

PROYECTO GALICIA. GEOGRAFÍA. A Coruña, Hércules de Ediciones, S.A. (varias datas, varios tomos).

SOUTO GONZÁLEZ, X.M. (1988): Xeografía Humana. Vigo, Galaxia.

TORRES LUNA, M.P. de, PAZO LABRADOR, A.J. e SANTOS SOLLA, J.M. (1990):
Galicia, rexión de contrastes xeográficos. Santiago, Universidade.

ALGÚNS ENLACES RECOMENDADOS

XENÉRICOS

[Naturaleza educativa](#)

[Blog didáctica geográfica](#)

[Materiales didáctica para geografía](#)

[Blog profesor galego de xeografía](#)

[España a través dos mapas](#)

[Blog profesor de xeografía](#)

[Instituto xeográfico nacional](#)

NATUREZA E MEDIO AMBIENTE EN ESPAÑA

Diversidade xeolóxica e morfolóxica

[Comentario dun mapa topográfico](#)

[O relevo da Península Ibérica](#)

[Unidades xeotectónicas](#)

[Rochedo e modelado](#)

[Diccionario de xeografía física](#)

Diversidade climática

[Mapa de precipitación media en España](#)

[Mapa de temperaturas medias en España](#)

[Mapa de tipos de clima en España](#)

[Comentarios de mapas do tempo](#)

[Climogramas-tipo](#)

[Elementos e factores do clima](#)

[Comentario dun mapa do tempo](#)

[Comentario dun climograma / outro modelo](#)

Diversidade hídrica e bioxeográfica.

[Mapa de rexións bioxeográficas](#)

[Mapa de solos de España](#)

[Mapa e gráficos de tipos de réxime fluvial](#)

[Rexións bioxeográficas](#)

[Bioxeografía en España](#)

[Os solos de España](#)

[Hidrografía en España](#)

[Comentario dun hidrograma](#)

Xeografía física de Galicia

[Atlas Climático de Galicia](#)

[Información sobre as illas Cíes](#)

Riscos e problemas ambientais

[Contaminación de ríos en España](#)

[Residuos sólidos urbanos](#)

[Mapa de perigosidade sísmica](#)

[Mapa de riscos de desertificación](#)

[Mapas de riscos en xeral](#)

[Paisaxes naturais e problemas medioambientais](#)

[Riscos naturais en España](#)

[Pegada ecolóxica](#)

TERRITORIO E ACTIVIDADES ECONÓMICAS EN ESPAÑA

Cambios e permanencias no sector primario

[Comentario de paisaxes agrarias](#)

[Imaxes satélite](#)

[Información ministerio medio ambiente, rural e mariño](#)

[Información general del sector primario](#)

[PAC](#)

A reestruturación dos espazos industriais.

[Comentario paisaxe industrial e urbano](#)

[Parques Científico e tecnolóxicos](#)

[Sustentabilidade](#)

[Reestruturación industrial](#)

España unha economía de servizos.

[Comercio](#)

[Centros comerciais](#)

[Franquías](#)

[A globalización](#)

[Deterioro ambiental e turismo](#)

[Impacto do turismo](#)

[Turismo de Galicia](#)

[Información sobre transportes e comunicacións](#)

[Medios de comunicación do mundo](#)

A POBOACIÓN E URBANIZACIÓN

A poboación española.

[Datos básicos](#)

[Datos da poboación de Galicia](#)

[Como calcular o índice sintético de fecundidade](#)

[Elaborar unha pirámide](#)

[Estatística e gráficas sinxelas](#)

[Demografía na aula](#)

[Blog de demografía](#)

[Cómo presentar os datos](#)

O sistema urbano.

[Cidade sostible](#)

[A cidade actual](#)

[Comentario dun plano urbano](#)

[O espazo urbano](#)

[Presentación xeografía urbana](#)

[Información urbanística en España](#)

[Web de urbanismo](#)

[Texto sobre a morfoloxía e a estrutura das cidades españolas](#)

[Proxecto terra-identidade territorial](#)

A ORGANIZACIÓN POLÍTICA-ADMINISTRATIVA ESPAÑOLA, CONTRASTES E POLÍTICAS REXIONAIS. ESPAÑA EN EUROPA E NO MUNDO

[Europa. El portal de la Unión Europea.](#)

[Eurostat](#)

[Fondo Monetario Internacional](#)

[Páxina do Ministerio de Política Territorial e Administración Pública:](#)

[Organización das Nacións Unidas](#)

[Real Instituto Elcano](#)

[Banco Mundial](#)

Índice de desenvolvemento humano. [**http://hdr.undp.org/es/**](http://hdr.undp.org/es/)

3. As probas de acceso

3.1. Estrutura

As partes desta son as seguintes:

PRIMEIRA PREGUNTA: definir catro conceptos xeográficos a elixir dos seis propostos. Trátase ademais de que o alumnado saiba usar axeitadamente a terminoloxía xeográfica relacionándoa cun exemplo.

SEGUNDA PREGUNTA: desenvolver unha pregunta práctica consistente na localización, lectura, interpretación, explicación e análise crítica de documentos gráficos relacionados coas destrezas e habilidades xeográficas fundamentais, e que se recollen no apartado anterior, estruturado por bloques de coñecemento.

TERCEIRA PREGUNTA: desenvolver unha cuestión teórica referida aos temas extraídos dos bloques de coñecemento. Nesta pregunta inclúiranse orientacións para o seu desenvolvemento.

Os bloques de coñecemento repartiranse en dous grandes grupos de forma que se a pregunta teórica está extraída do primeiro grupo a pregunta práctica serao dos prácticos do segundo grupo.

OPCIÓN A

VOCABULARIO (2 puntos.): De todos os bloques (relación adxunta de conceptos).

PREGUNTA PRÁCTICA (5 puntos): Prácticos dos BLOQUES completos 6 ao 10.

PREGUNTA TEÓRICA (3 puntos) Bloques do 2 ao 5 máis o 11 e 12

OPCIÓN B

VOCABULARIO (2 puntos): De todos os bloques (relación adxunta de conceptos).

PREGUNTA PRÁCTICA (5 puntos): Bloques do 2 ao 5 máis o 11 e 12.

PREGUNTA TEÓRICA (3 puntos): Bloques do 6 ao 10.

	OPCIÓN A	OPCIÓN B
VOCABULARIO	De todos os bloques	De todos os bloques
P. PRÁCTICA	Bloques do 6 ao 10	Bloques do 2 ao 5 máis o 11 e 12
P. TEÓRICA	Bloques do 2 ao 5 máis o 11 e 12	Bloques do 6 ao 10

3.2. Valoración da proba

A PRIMEIRA PREGUNTA terá unha **puntuación máxima de 2 puntos** (0,50 por concepto definido correctamente). A resposta ten que ser breve (máximo cinco liñas), concreta e precisa (que corresponda ao concepto), e contextualizado cun exemplo. Valorarase a utilización de termos con significado xeográfico.

A SEGUNDA PREGUNTA terá unha **puntuación máxima de 5 puntos**. Requírese a correcta comprensión e interpretación dos documentos (superando a mera descrición elemental), e sempre que sexa posible a explicación das causas dos fenómenos representados e as posibles consecuencias derivadas. Especificanse os puntos básicos aos que debe atender a resposta:

- De carácter xeral. Tipoloxía da imaxe: sistema de representación, información contida e estrutura (tipo de datos, escala); ámbito territorial, secuencia temporal e significado respecto ao fenómeno tratado (por ex. no caso dun gráfico de variacións de taxas de actividade, se o período temporal constitúe unha ou varias etapas significativas).
- Localización: Valorarase a correcta localización e relación dos elementos xeográficos solicitados, físicos e políticos.
- Comentario (análise e explicación) dos acontecementos reflectidos (por ex. no caso dun diagrama climático, réxime de precipitacións e temperaturas) aludindo aos aspectos relacionados (no caso anterior, situacións atmosféricas e formacións vexetais asociadas, etc.).
- Comparación dos resultados comentados con aspectos ou feitos similares noutros ámbitos territoriais ou durante outros períodos que axuden á comprensión e explicación do fenómeno (por ex. nun gráfico de inmigración,

correntes *inmigratorias comparables noutros períodos ou noutros ámbitos territoriais).

- Achega crítica, se é posible, dalgún aspecto derivado da interpretación do fenómeno no contexto mundial actual.

A TERCEIRA PREGUNTA terá unha **puntuación máxima de 3 puntos**. Hase de responder ás cuestións seguindo as orientacións propostas; valorarase a organización dos contidos nunha secuencia expositiva, o nivel explicativo do seu desenvolvemento e a capacidade de establecer relacións comparativas, ademais do uso do vocabulario xeográfico.

EN TODA A PROBA e **ata 1 punto** na nota final, consideraranse elementos de ponderación a calidade da redacción, a corrección gramatical e ortográfica.

4. Relación de conceptos

Acuicultura	Agricultura ecolóxica	Aluvión
Área metropolitana	Área suburbana	Aridez
Balanza comercial	Barlovento	Censo de Poboación
Comunidade Autónoma	Cordilleiras de pregamento	Crecedemento vexetativo
Cunca fluvial	Cunca sedimentaria	Denominación de orixe
Desagrarización	Economía somerxada	Ecoturismo
Efecto invernadoiro	Enerxías renovables	Esperanza de Vida
Estatuto de autonomía	Estiaxe	Explotación intensiva
Fondos estruturais	Foz	Franquía
Industrias verdes	Inversión térmica	Isóbara
Isohieta	Landa	Laurisilva
Maquis	Marisma	Materias primas estratéxicas
Macizos antigos	Meseta	Movements antiglobalización
Municipio	Obxectivos de desenvolvemento sustentable	Padrón Municipal
Paisaxe	Parque tecnolóxico	Parroquia
Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU)	Poboación Activa	Política Pesqueira Comunitaria (PPC)
Provincia	Réxime Demográfico	Ría
Silvicultura	Subcontratación	Taxa de Fecundidade
Taxas aeroportuarias	Tectónica de placas	Tómbolo
Avesedo (umbría)	Vexetación antrópica	Vexetación clímax
Xentrificación	Zócolo	

5. Modelo de exame

XEOGRAFÍA

OPCIÓN A

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: aluvión, laurisilva, paisaxe, Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU), parroquia, movementos antiglobalización. (Puntuación máxima de 2 puntos).


2.- Atendendo aos documentos, conteste (puntuación máxima de 5 puntos):

a) Localice as provincias numeradas do 1 ao 4, indicando cales están en baixa e cales en alta presión (1 punto).

b) Comente o mapa do tempo segundo as seguintes cuestións:

- Identifique o tipo de documento, as figuras isobáricas, frontes e a localización –a grandes trazos- das mesmos (1 punto).
- Masas de aire e ventos dominantes nas distintas áreas, de Oeste a Leste e de Norte a Sur, de España (1,5 puntos).
- Situación meteorolóxica e tipos de tempo que cabe esperar nas seguintes comunidades de España: Galicia, Andalucía, Comunidade Valenciana e Canarias (1,5 puntos).





3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados: (puntuación máxima 3 puntos)

Tema: Situación actual da industria en España.

- Os problemas estruturais (dimensión, I+D+i, tecnoloxía).
- Tendencias recentes da industria en España: globalización e deslocalización.

OPCIÓN B

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: barlovento, efecto invernadoiro, meseta, fondos estruturais, área metropolitana, saldo migratorio. (Puntuación máxima de 2 puntos).

2.- Atendendo aos documentos, conteste (puntuación máxima de 5 puntos):

a) Localice as distintas paisaxes agrarias do mapa adxunto, identificando a lenda (1 punto).

b) Comente a fotografía de acordo coas seguintes cuestións:

- Identifique os elementos da paisaxe agraria: medio físico, agrícolas, gandeiros, forestais e poboamento. (1 punto).

- Análise da estrutura agraria: sistemas de produción, estrutura da propiedade (1,5 puntos).
- Caracterización da dinámica da paisaxe: funcionamento actual e posible evolución no futuro (1,5 puntos).



3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados: (puntuación máxima 3 puntos).

Tema : Repercusións ambientais da acción humana:

- Contaminación
- Quecemento global
- Pegada ecolóxica